

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN GALEGA DE ENFERMIDADES RARAS E CRÓNICAS (FEGEREC) PARA A REHABILITACIÓN FISIOTERAPÉUTICA NAS ENFERMIDADES RARAS E NEURODEXENERATIVAS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou, o día 23 de xullo de 2025, coa Federación Galega de Enfermidades Raras o instrumento convencional arriba referido, cun prazo de vixencia dende o día seguinte ao da sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto prestar atención fisioterapéutica a persoas que padezan unha enfermidade rara ou pendentes de diagnóstico no ámbito da Comunidade autónoma de Galicia.

Os obxectivos son os seguintes: Favorecer o acceso de persoas que padecen unha enfermidade rara e que residen na comunidade autónoma de Galicia a rehabilitación fisioterápica de forma sostible a través de profesionais con experiencia e coñecemento específico en estas doenzas; Dotar de información relacionada co ámbito da fisioterapia ás persoas que padecen unha enfermidade rara e/ou crónica e as súas familias sobre a patoloxía e os seus síntomas e técnicas para o seu tratamento; Actuar na prevención de problemáticas afines, como alteracións circulatorias e tróficas, complicacións respiratorias, alteracións muscoesqueléticas e ortopédicas, etc; Acadar que as persoas afectadas logren no posible unha máxima capacidade funcional e independencia nas actividades da vida diaria (AVD), logrando así incrementar a súa calidade de vida e a das súas familias; Manter/mellorar a calidade de vida do paciente; Promover traballo integral cos diferentes profesionais que interveñen no tratamento; Favorecer adhesión ao tratamento.

As persoas ás que van dirixidas as actividades obxecto deste convenio deben ter diagnosticada ou estar pendentes dun diagnóstico de enfermidade rara, con dificultades funcionais susceptibles de mellorar mediante técnicas fisioterapéuticas específicas

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

O Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado pola Lei 1/1989 do 2 de xaneiro, do Servizo Galego de saúde, e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de tódalas áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en tódalas súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. A Subdirección Xeral de Atención Primaria contará coa función de fomentar programas asistenciais de continuidade de cuidados e de atención á cronicidade no marco das estratexias do Servizo Galego de Saúde no ámbito

da primaria, así como pontenciar a atención a domicilio e garantir maior accesibilidade e proximidade das prestacións sanitarias de atención primaria.

A Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas (FEGEREC), federación sen ánimo de lucro, aglutina asociacións que intentan dar resposta ás necesidades dos pacientes con ese tipo de enfermidades e máis ás súas familias dentro da nosa comunidade autónoma.

Entre as actividades de FEGEREC se atopan aquelas que teñan como finalidade promover a integración e a mellora da calidade de vida dos colectivos afectados por enfermidades raras e crónicas de baixa prevalencia, de orixe neuromusculoesquelético, e as súas familias.

Que o instrumento convencional asinado se fundamente en que ámbalas dúas partes asinantes consideran de particular importancia e de interese público o establecemento dunha liña conxunta de actuación e colaboración para o desenvolvemento dun programa que ten por obxecto o desenvolvemento de actividades destinadas a mellorar a situación de saúde e calidade de vida das persoas afectadas por enfermidades raras e crónicas, no ámbito de actuación de FEGEREC.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

